

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal sobre a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos

A N U N C I O

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal do Concello de Mugardos sobre a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos

O Concello Pleno aprobou inicialmente, en sesión realizada o día 27/06/2014, A Ordenanza municipal do Concello de Mugardos sobre a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos; publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 136, de data 18/07/2014, e ten sido elevado a definitivo ao non terse formulado reclamacións contra o dito acordo no prazo hábil concedido.

Acto seguido e de conformidade co art. 70.2 da lei Reguladora das Bases do Réxime Local, publícase o texto íntegro, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da data da súa publicación no BOP:

Ordenanza municipal do Concello de Mugardos sobre a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos

De acordo coa Declaración Universal dos dereitos dos animais aprobada pola UNESCO o 27 de outubro de 1978 e ratificada posteriormente polas Nacións Unidas, os animais son seres vivos sensibles que teñen uns dereitos que a especie humana debe de respectar, o que constitúe un dos fundamentos da coexistencia das especies no mundo. Tamén se reconece que o respecto aos animais está ligado ó respecto entre os propios seres humanos.

A Constitución Española recolle no artigo 45, o deber de conservar o medio ambiente, así coma de establecer as sancións penais ou administrativas na obriga de reparar os danos causados.

A Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, desenvolvida polo regulamento aprobado polo Decreto 153/1998, do 2 de abril, establece as disposicións de carácter xeral para a protección dos animais domésticos e salvaxes que viven en cativeiro para a Comunidade Autónoma de Galicia. O Decreto 111/2010, do 24 de xuño modificará parcialmente o Decreto 153/1998, do 2 de abril, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE relativa aos servizos no mercado interior.

A Lei 50/1999, do 23 de decembro (BOE, 307), do 24 de decembro, establece o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos a nivel estatal. Esta lei, que posteriormente o Real Decreto 287/2002, do 22 de febreiro desenvolvería, aborda a regulación normativa referente á tenencia, adestramento e manexo de animais potencialmente perigosos, co obxecto de preservar a seguridade das persoas, bens e outros animais.

O Goberno Autonómico, en virtude das súas competencias, regula mediante o Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, a posesión de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e crea os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

O Decreto 142/2012, do 14 de xuño (DOGA nº 129, do 06 de xullo), establece as normas de identificación e ordenación zoonosanitaria dos animais equinos en Galicia.

O Real Decreto Lexislativo 39/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei 18/1989, de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, atribúe ós concellos no seu artigo 7 competencias na ordenación e control do tráfico en vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e a sanción das mesmas cando non este expresamente atribuída a outra administración.

Co gallo de definir, como complemento das anteriores disposicións xerais, aqueles aspectos que se consideren específicos na aplicación de tales disposicións neste termo municipal e facendo uso das facultades establecidas no artigo 6 da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, apróbase esta ordenanza que entrará en vigor unha vez cumpridos os trámites de exposición pública e transcorrido o prazo regulamentario estipulado.

TÍTULO PRIMEIRO – DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e finalidades

1. A presente Ordenanza ten por obxecto regular a protección e a tenza dos animais domésticos e os animais equinos e as relacións entre estes e as persoas.

2. Os fins desta Ordenanza son alcanzar o máximo nivel de protección e benestar dos animais, garantir unha tenza responsable e a máxima redución das perdas e os abandonos de animais, fomentar a participación cidadá na defensa e protección dos animais e preservar a saúde, a tranquilidade e a seguridade das persoas.

3. Esta Ordenanza aplícase no marco da normativa internacional, europea, estatal e galega de protección dos animais domésticos de compañía, e de tenza de animais potencialmente perigosos.

4. Esta ordenanza non será de aplicación a:

a. Cans e animais pertencentes ás forzas armadas, forzas e corpos de seguridade do estado, corpo de policía da Comunidade Autónoma de Galicia, Policía local e empresas de seguridade con autorización oficial.

b. Aqueles animais obxecto dalgunha regulación específica de rango superior, e os animais silvestres e salvaxes en cativeidade.

Artigo 2. Definicións

Para os efectos desta Ordenanza, enténdese por:

1. Animais domésticos: os animais que, como especie, asumisen o costume do cativerio e habitualmente se críen, reproduzan e convivan co home, dependendo dos seres humanos para a súa subsistencia.

2. Animais de compañía: os animais domésticos das subespecies domésticas canina e felina, así coma de outras especies e subespecies que se manteñen, xeralmente no propio fogar, coa finalidade de obter deles compañía.

3. Animais salvaxes: os animais autóctonos ou non autóctonos que viven en estado salvaxe.

4. Animais salvaxes en cativeidade: os animais salvaxes autóctonos ou non autóctonos que, de forma individual son obxecto de captura no seu medio natural e son mantidos nun grao absoluto e permanente de dominación.

5. Can de asistencia: can que se acredita ter finalizado satisfactoriamente o adestramento nun centro nacional ou estranxeiro recoñecido, para o acompañamento, conducción ou auxilio das persoas con discapacidade.

6. Animal vagabundo ou perdido: Aquel animal que, leve ou non identificación, non vai acompañado por ningunha persoa responsable do mesmo.

7. Animal abandonado: Aquel animal vagabundo ou perdido que, aínda que estea provisto de identificación oficial, non é reclamado por alguén que acredite a súa propiedade no prazo de 20 días dende a súa recollida polos servizos municipais ou mancomunados.

8. Équido mostrenco: animal equino que deambula en liberdade nos espazos agrícolas ou forestais, núcleos de po-boación ou vías de comunicación terrestre, sen identificación constatada pola autoridade competente.

Artigo 3. O deber de protexer os animais

1. O Concello ten deber de protexer os animais de acordo co art.º 45.2 da Constitución Española, sen prexuízo de velar tamén pola seguridade das persoas e dos seus bens.

2. Todos teñen o dereito a gozar dos animais e deber de protexelos, de acordo co art.º 45.1 da Constitución Española. Todos teñen deber de cumprir as normas contidas na presente Ordenanza e de denunciar os incumprimentos que presencien ou dos que teñan coñecemento certo. O Concello debe atender as reclamacións, denuncias ou suxestións das persoas e exercer as accións que en cada caso correspondan. Para garantir o dereito a gozar dos animais e deber de protexelos, calquera persoa física terá a condición de interesada nos procedementos administrativos municipais relativos á protección de animais sempre e cando compareza neles.

Artigo 4. Entidades de protección e defensa dos animais

1. Para os efectos desta Ordenanza son entidades, legalmente constituídas, de protección e defensa dos animais as asociacións, fundacións e organizacións, sen ánimo de lucro que teñan, como obxecto fundamental, o da defensa e protección dos animais.

2. As entidades de protección e de defensa dos animais teñen o dereito de participar na xestión municipal segundo o disposto na ordenanza municipal de participación cidadá.

3. As entidades de protección e defensa dos animais poden exercer a xestión cívica de competencias municipais sobre protección e tenza de animais e terán a condición de interesadas nas regulacións da normativa municipal relativas á protección dos animais.

TITULO SEGUNDO – PROTECCIÓN E TENZA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS

CAPITULO I. Da protección dos Animais Domésticos.

Artigo 5. Protección dos animais domésticos:

1. As persoas propietarias e posuidoras de animais domésticos deben mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias, de benestar e de seguridade, de acordo coas necesidades propias da súa especie.

2. En particular, establécense as seguintes condicións mínimas de mantemento dos animais, que os seus propietarios ou responsables deberán garantir:

a) Abastecelos de auga potable e alimentación axeitada, suficiente e equilibrada para manter uns bos niveis de nutrición e saúde.

b) Dispor de espazo, ventilación, humidade, temperatura, luz e acubillo axeitados e necesarios para a súa especie e para satisfacer as súas necesidades vitais, etolóxicas e de benestar.

c) Dispor de cerramentos ou mecanismos, que sen producirlles dano físico algún, eviten as fugas e perdas dos mesmos.

d) Manter os seus aloxamentos limpos, desinfectados e desinsectados.

e) Non poden ter como aloxamento habitual os vehículos, garaxes soterrados, patios de luces ou balcóns.

f) O transporte de animais en vehículos particulares débese efectuar conforme a normativa vixente, garantindo a seguridade no transporte e o benestar do animal.

g) Non poderán permanecer os animais no interior dun vehículo estacionado ou parado máis de 4 horas seguidas, tendo este que estar situado nunha zona de sombra. O seu propietario e/ou responsable deberá facilitarlle auga fresca e ventilación.

h) Deberán de someterse aos tratamentos veterinarios curativos e preventivos que puideran precisar. Cumpriranse estritamente as medidas ditadas pola autoridades competentes nesta materia e na prevención da aparición de zoonoses.

3. Está prohibido:

a) Maltratar, agredir, desatender ou afectar física ou psicolóxicamente ós animais.

b) Abandonar aos animais.

c) Utilizar correas, colares e utensilios que produzan dor ou sufrimento aos animais.

d) Manter aos animais en instalacións indebidas desde o punto de vista hixio-sanitario, de benestar ou de seguridade.

e) Non facilitar ós animais alimentación suficiente ou debida para manter uns niveis axeitados de nutrición e saúde.

f) Utilizar animais en espectáculos, exhibicións, filmacións, actividades publicitarias, culturais ou relixiosas sen autorización expresa da autoridade competente en cada caso e do propio concello en todos eles, e nunca cando se poida implicar o benestar dos mesmos.

g) Utilizar animais en calquera actividade que produza dano, lesións ou sufrimento ós animais ou se poida ferir a sensibilidade dos que o presencien.

h) Utilizar animais en pelexas ou calquera outra actividade que lles provoque dano físico.

i) Exhibir animais publicamente con fins lucrativos ou como reclamo na vía e espazos públicos, de xeito permanente ou itinerante.

j) A venda ambulante de animais, agás certames autorizados.

k) A concentración de animais na vía pública sen autorización expresa.

l) Non administrar asistencia veterinaria en caso de enfermidade

m) Mutilar aos animais sen indicación veterinaria necesaria para o tratamento dalgunha patoloxía ou enfermidade.

n) Practicar intervencións cirúrxicas sen unha cobertura anestésica e analxésica suficientes para evitar o sufrimento ou dor dos animais intervidos.

o) Administrar sustancias prexudiciais para o animal sen causa ou motivo xustificado.

p) Sacrificar animais domésticos por métodos non descritos na normativa vixente de protección animal da Comunidade Autónoma de Galicia.

q) Adestrar para actividades de ataque, agás os cans dos corpos e forzas de seguridade, sen autorización expresa da autoridade competente

r) Utilizar trancas ou outros métodos de retención ou inmovilización dos animais equinos.

Artigo 6. Animais de compañía abandonados e perdidos

1. Os animais de compañía abandonados, perdidos ou vagabundos serán recollidos e retidos polos servizos municipais ou mancomunados durante o período mínimo establecido na normativa vixente.

2. O concello poderá acordar sistemas de recollida conxuntos con outras entidades locais e ou supramunicipais, así coma contratalos ou acordalos con empresas e outras entidades que reúnan os requisitos legais esixibles.

3. Os animais non identificados serán retidos no centro de recollida municipal ou mancomunado como mínimo durante o período establecido na normativa vixente. Unha vez transcorrido este prazo, o centro de recollida poderá darlle o destino mais axeitado, segundo o previsto na normativa.

4. A recollida de animais de compañía abandonados ou perdidos será notificada aos propietarios localizables, no menor prazo de tempo posible. O propietario disporá de 10 días naturais dende a notificación practicada para recuperar o animal. Unha vez transcorrido este prazo, se o propietario non procede á retirada do mesmo, este pasará a ser considerado abandonado, perdendo o anterior propietario todo dereito sobre o mesmo, e o centro de recollida procederá segundo o establecido no apartado anterior.

5. O concello ou entidade encargada da recollida dos animais perdidos ou abandonados poderá establecer uns prezos públicos ou taxas para a cobertura dos gastos derivados da recollida, estancia e atención destes animais, pasando a ser o aboamento previo dos mesmos requisito imprescindible e necesario para a retirada dos animais.

6. Esta prohibido alimentar de xeito continuado aos animais abandonados e ou vagabundos en espazos públicos, debendo notificar a súa presenza ás autoridades locais para que estes sexan recollidos e atendidos correctamente.

Artigo 7. Centros de recollida de animais de compañía

1. O Concello disporá dalgún centro de recollida de animais de compañía autorizado en condicións sanitarias adecuadas para o aloxamento dos animais abandonados ou perdidos recollidos mentres non sexan reclamados polos seus donos, ou mantidos en período de observación.

2. Os medios utilizados na captura e transporte de animais de compañía terán as condicións hixiénico-sanitarias apropiadas, e serán adecuadamente xestionados por persoal capacitado. O servizo de lacería realizarase en vehículos apropiados e autorizados para esa función pola autoridade competente

3. Os métodos utilizados na captura e transporte de animais de compañía deberán respectar o seu benestar e non producir ningunha lesión ou dor inxustificada.

4. Os centros de recollida de animais de compañía terán que cumprir os requisitos establecidos pola súa normativa específica.

5. Os xestores dos centros de recollida de animais de compañía deberán asegurar o cumprimento dun programa técnico-zoosanitario, previamente aprobado pola autoridade competente nesta materia, que se deberá ser supervisado por un facultativo veterinario colexiado.

6. As actividades profilácticas, clínicas e cirúrxicas desenvolvidas nos centros de recollida deberán ser realizadas por un técnico veterinario colexiado.

7. Os centros de recollida de animais abandonados deberán establecer un horario para a atención ao público e para a retirada de animais perdidos, por parte dos seus propietarios.

8. Os centros de recollida disporán de programas para a promoción das adopcións ou outras alternativas para todos os animais aloxados no centro que superen os períodos de estancia establecidos, excepto nos casos en que, polo seu estado sanitario e/ou o seu comportamento, os servizos veterinarios consideren o contrario.

9. Para a adopción de animais abandonados deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Os animais deberán estar provistos de identificación oficial, estar correctamente inscritos nos rexistros oficiais e dispor do pasaporte ou documento oficial que acredite a titularidade do adoptante, a identificación e os tratamentos preventivos recibidos.

b) Non se entregarán en adopción animais a menores de 18 anos ou incapacitados, sen a correspondente autorización dos que posúan a súa potestade paterna ou custodia.

- c) A adopción de animais será supervisada e xestionada polo veterinario actuante no centro de recollida.
- d) Realizarase un informe anual do nivel de adopción e das características de cada unha delas, facilitando así a orientación de posibles campañas de adopción.
- e) Contarase coa colaboración das Sociedades Protectoras de Animais inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia segundo o establecido no Capítulo III do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

CAPITULO II. Da tenza dos Animais Domésticos.

Artigo 8. Obrigas dos propietarios e posuidores de animais de compañía

1. As persoas propietarias ou posuidoras de animais de compañía están obrigadas a:
 - a) Mantelos en boas condicións de seguridade para que non se produza ningunha situación de perigo ou molestia para os veciños ou para as persoas que conviven con eles, nin para outras persoas en xeral.
 - b) Identificar aquelas especies que determine a normativa autonómica, estatal ou comunitaria de aplicación e polos medios e prazos establecidos na mesma, así coma realizar a correcta inscrición dos mesmos no rexistro oficial correspondente.
 - c) Dispor do documento sanitario correspondente segundo a normativa vixente a cada especie, nos tres primeiros meses de vida ou primeiro mes dende a súa adquisición.
 - d) Inscribilos no Rexistro censal municipal, no prazo de tres meses dende a data de nacemento, de adquisición, de cambio de residencia do animal ou de traslado temporal ao termo municipal de Mugar dos por un período superior a seis meses. O propietario ou posuidor deberá acreditar a identificación do animal, presentar o documento sanitario correspondente e comunicar os datos relativos ao nome e apelidos do propietario ou posuidor, domicilio, teléfono e DNI e os datos relativos á especie do animal, raza, sexo, data de nacemento, características morfolóxicas, función/aptitude, código de identificación e domicilio habitual do animal.
 - e) Notificar ao Rexistro censal municipal, no prazo dun mes, a baixa, a cesión ou o cambio de residencia do animal e calquera outra modificación dos datos que figuren nese censo. No caso de subtracción deberá comunicalo achegando copia da denuncia realizada.
 - f) Comunicar ao Rexistro censal municipal e ao Centro de Recollida de Animais domésticos Abandonados a subtracción ou perda dun animal de compañía, no prazo de 48 horas dende que se tivese coñecemento dos feitos, coa documentación identificativa pertinente, para os efectos de facilitar a súa recuperación.
 - g) A inscrición no Rexistro censal municipal completárase coa entrega á persoa propietaria ou posuidora dun documento identificativo que acreditará os datos do animal e da persoa propietaria ou posuidora, e a inscrición rexistral.
 - h) Para facilitar o control e fomentar a función social dos animais de compañía respecto a persoas da terceira idade e persoas con discapacidade, o Concello poderá outorgar subvencións en función da capacidade económica destas persoas, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos apartados primeiro e segundo anteriores e a esterilización dos animais.

Artigo 9. Protección da saúde pública e da tranquilidade e seguridade das persoas.

1. En particular, establécense as seguintes prohibicións para a protección da saúde pública:
 - a) A entrada de animais domésticos en todo tipo de locais destinados á fabricación, almacenamento, transporte, manipulación ou venda de alimentos.
 - b) A entrada de animais domésticos nos parques de ocio destinados para os nenos.
 - c) O baño de animais en fontes, estanques públicos ou similares.
 - d) Dar de beber directamente en fontes de consumo público.
 - e) A entrada de animais domésticos nos establecementos recreativos e deportivos de concorrencia pública, salvo os animais participantes en establecementos deportivos autorizados (canódromos, hipódromos ou similares).

Non se aplicarán estas condicións ós cans de asistencia, debidamente acreditados.

2. As persoas propietarias de establecementos recreativos e de restauración poderán, segundo o seu criterio, prohibir a entrada e a permanencia de animais domésticos nos seus establecementos, agás aos cans de asistencia. Para estes efectos, deberase colocar á entrada do establecemento e nun lugar visible unha placa indicadora da prohibición. En todo caso, para a súa entrada e permanencia, esixírase que os animais domésticos estean debidamente identificados e vaian atados cunha correa, salvo que se dispoña dun espazo pechado e específico para eles. Non obstante o anterior, os cans potencialmente perigosos sempre deben ir atados con correa e levar posto o bozo.

3. Os propietarios dos animais domésticos deberán realizar os tratamentos preventivos e curativos que as autoridades competentes determinen.

4. Está prohibido deixar, en horario nocturno, animais nos patios, terrazas, galerías, ventás ou balcóns, que con sons, gritos ou cantos altere no descanso ou tranquilidade dos veciños. Así mesmo durante o horario diúrno deberán ser atendidos polos seus propietarios ou encargados, cando de xeito evidente ocasionen molestias ós ocupantes de vivendas veciñas.

5. Está prohibido deixar os équidos en espazos ou predios, de natureza pública ou privada, sen o consentimento do propietario ou titular, ou incumprindo as condicións fixadas na autorización expresa de pastoreo.

6. Prohíbese que os équidos deambulen ceibes por estradas ou por núcleos de poboación.

7. A recollida e a condución dos animais domésticos mortos realizarase de acordo co que prevé a normativa de aplicación vixente respecto dos subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

Artigo 10. Tenza e crianza de animais nos domicilios particulares.

1. Con carácter xeral autorízase a tenza de animais domésticos nos domicilios particulares, sempre e cando se cumpran as condicións hixiénico-sanitarias de mantemento, de benestar e de seguridade para o animal e para as persoas.

2. Os cabalos deben estar en explotacións equinas autorizadas pola administración competente na ordenación zoosanitaria da especie.

3. Queda prohibido o establecemento en solo urbano, de explotacións equinas, establos e currais de gando, quedando limitada a súa autorización ás zonas compatibles cos usos e actividades descritas na lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia (Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia) e no plan de ordenación do litoral (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia), de acordo co Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mugardos. Así mesmo, prohíbese a tenza de cabalos en patios de vivendas ou solar urbano.

4. As autoridades municipais poderán fixar un número máximo de animais por domicilio, en base aos informes técnicos debidamente xustificadas e atendendo ao tamaño da vivenda, á conduta e coidados prestados polo propietario e ás especies, subespecies e razas dos animais aloxados e as necesidades fisiolóxicas dos mesmos.

5. Deberá respectarse as necesidades dos cans, para cubrir os aspectos emocionais e fisiolóxicos mínimos, no tocante ás súas saídas e paseos fora do domicilio.

6. A crianza puntual de animais domésticos en domicilios particulares está condicionada ao feito de que se cumpran as condicións hixiénico-sanitarias de mantemento, de benestar e de seguridade para o animal e para as persoas.

7. A crianza de animais domésticos con fins comerciais deberá realizarse en centros de cría, autorizados para tal efecto pola Consellería competente nesta materia.

8. Os titulares ou propietarios dos animais domésticos incluídos neste artigo terán a obriga de someter a controis e revisións veterinarias periódicas aos mesmos, e no momento en que se sospeite algunha posible patoloxía contagiosa.

9. A tenza ou mantemento de animais con fins comerciais deberá realizarse en centros ou establecementos autorizados para tal efecto (exposición, concurso, residencia, etc.), pola Consellería competente nesta materia.

CAPITULO III. Dos animais domésticos na vía e espazos públicos.

Artigo 11. Condicións dos animais na vía e nos espazos públicos

1. Na vía e os espazos públicos, incluíndo tamén as partes comúns dos inmobles colectivos, nos transportes públicos e nos lugares e espazos de uso público en xeral, os cans deben ir atados por medio dun colar e unha correa que non ocasione lesións ao animal.

2. Para a condución de cans potencialmente perigosos pola vía pública deberán cumprirse as seguintes condicións adicionais cando circulen pola vía e os espazos públicos:

a) O animal deberá levar unha bozo apropiado á tipoloxía racial do mesmo.

b) O animal deberá ir atado por medio dun colar e unha correa que non sexa extensible e de lonxitude inferior a 2 metros, e que non ocasione lesións ao mesmo.

c) O animal deberá ser conducido por unha persoa en posesión da licenza de tenza de animais potencialmente perigosos.

d) Non poden ser conducidos animais potencialmente perigosos por menores de dezoito anos.

e) Non se poderá conducir máis dun can potencialmente perigoso por persoa.

3. Prohíbese o tránsito de animais de tiro, carga ou sela, cabezas de gando illadas en manda ou en rabaño, en todo o casco urbano, salvo autorización expresa.

4. Prohíbese a circulación de vehículos de tracción animal polas vías urbáns, agás nos casos autorizados previamente polo concello.

5. En caso das autorizacións recollida nos puntos 3 e 4, os animais deben ir conducidos ó menos, por unha persoa maior de 18 anos. Debendo de estar os condutores en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Tendo que ó aproximarse a outros usuarios da vía, adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se traten de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.

6. Ós condutores de cabalerías, gando e vehículos de carga de tracción animal estalles prohibido leva-los correndo pola vía nas inmediacións de outros da mesma especie ou das persoas que van a pé, así como abandonar a súa conducción, deixándolles marchar libremente polo camiño ou deterse nel.

7. Prohíbese deixar animais sen custodia en calquera clase de vía ou nas súas inmediacións, sempre que exista a posibilidade de que estes poidan invadir a vía.

8. Queda prohibido o amarre de calquera tipo de animal a farolas, árbores, sinais de tráfico, reixas ou calquera outro elemento fixo ou móbil susceptible de utilización para este uso, debendo permanecer sempre á man dunha persoa competente.

9. Deben recollese as deposicións realizadas na vía pública inmediatamente e introducilas de xeito hixiénico dentro de bolsas axeitadas, nos lugares que a Administración municipal destine expresamente para ese efecto. Debe procederse á inmediata limpeza dos elementos afectados.

10. A maiores das prohibicións detalladas no artigo 9. Está prohibido:

- a) O adestramento na vía pública de cans para as actividades de ataque, defensa, garda e similares.
- b) A circulación ou a permanencia de animais domésticos nas praias, dende 31 de marzo ata o 1 de novembro.
- c) As miccións nas fachadas dos edificios e no mobiliario urbano.

11. O Concello habilitará espazos dirixidos expresamente ós animais de compañía.

12. Prohíbese a alimentación de animais na vía pública, agás naqueles sitios habilitados polo Concello para tal efecto.

13. Prohíbese a limpeza e/ou o lavado de animais na vía pública.

Artigo 12. Espazos reservados aos animais de compañía.

1. O Concello poderá determinar espazos reservados para o recreo dos animais de compañía, a socialización e a realización das súas necesidades fisiolóxicas en condicións correctas de hixiene.

2. Deberán estar pechados para evitar a fuxida ou perda dos animais de compañía.

3. Estes espazos deberán ser utilizados responsablemente polos propietarios dos animais que deberán:

- a) Coidar os seus animais, evitando a fuxida dos mesmos e as loitas ou enfrontamentos con outros animais.
- b) Recoller os excrementos dos seus animais de xeito hixiénico, depositando os mesmos nos lugares habilitados polo Concello para a súa posterior recollida.

3. Os animais domésticos poderán estar libres, baixo a responsabilidade do seu propietario, neste lugares habilitados. Este apartado non se aplicará cos animais definidos como potencialmente perigosos por esta ordenanza.

4. Non se poderá alimentar ós animais neste espazo, evitando así comportamentos agresivos entre os mesmos. Neste apartado non se inclúen pequenos premios utilizados no adestramento.

5. Non estará igualmente permitido o adestramento para ataque, defensa, garda ou similares. Si o estarán outras alternativas ou modalidades de adestramento de carácter non violento.

Artigo 13. Traslado de animais domésticos en transporte público

1. Poderán trasladarse animais domésticos por medio do transporte público a condición de que o seu volume permita trasladalos no interior de caixóns de transporte, nas condicións de hixiene e seguridade oportunas e coa documentación que corresponda. Con todo, tamén se poderán trasladar de acordo con outras condicións que se establezan nas regulamentos dos servizos de transporte.

2. O traslado de animais domésticos cuxo volume non permita o uso do transporte público realizarase de acordo coas disposicións vixentes e as que diten a Administración da Xunta de Galicia ou as autoridades competentes en cada caso.

3. Os titulares dos taxis reservaranse o dereito a realizar o transporte de animais de compañía, e en todo caso deberán facer coas condicións que se establezan nas regulamentacións dos servizos de transporte.

4. Os cans de asistencia e os de seguridade poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, incluídos os taxis, a condición de que vaian acompañados polo seu propietario ou polo axente de seguridade e gocen das condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que prevén as ordenanzas.

CAPITULO IV. Dos animais domésticos potencialmente perigosos.

Artigo 14. Animais domésticos potencialmente perigosos

1. Son animais potencialmente perigosos os que cumpran algúns dos seguintes requisitos:

a) Cans que pertencen a unha das razas seguintes, os cruces de primeira xeración destas, cruces destas razas entre si ou destes co noutras razas: Akita Inu, American Terrier Staffordshire, Bullmastiff, Dóberman, Dogo Arxentino, Dogo de Bordeus, Dogo do Tibet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Pit Bull Terrier, Bull Terrier, Presa Canario, Presa Maiorquin, Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu.

b) Cans que foron adestrados para o ataque e a defensa.

c) Animais domésticos que tiveran algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a cousas ou animais

d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio Este potencial perigo deberá ser apreciado mediante resolución da autoridade municipal competente en base a criterios obxectivos, ben de oficio ou tras unha notificación ou denuncia, previo informe dun veterinario, oficial ou colexiado, designado ou habilitado pola autoridade municipal competente.

e) Non teñen a consideración legal de cans potencialmente perigosos os que pertencen ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos de Policía das Comunidades Autónomas, Policía local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Artigo 15. Licenza

1. A tenencia dun animal cualificado como potencialmente perigoso requirirá da obtención previa dunha licenza administrativa que será outorgada polo Alcalde do Concello ou por en que este delegue, previa acreditación documental dos seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionar os coidados precisos ó animal

b) Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, tortura, contra a liberdade e integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación ou banda armada ou de narcotráfico, así coma da ausencia de sancións en materia de tenza de animais potencialmente perigosos.

c) Certificado de aptitude psicolóxica

d) Ter formalizado un seguro de responsabilidade civil polos danos a terceiros que puideran ser causados polos seus animais por unha cobertura mínima de cento vinte cinco mil euros, que renovará anualmente.

e) Posuír instalacións axeitadas para albergar o animal e medidas de seguridade para impedir a fuxida do mesmo. Este apartado acreditarase mediante unha memoria descritiva subscripta por un veterinario.

2. A licenza deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue a cumprir os requisitos que se lle esixiron para a súa obtención.

3. Procederá a anulación da licenza concedida cando se incumpran as condicións que motivaron a súa concesión e sempre que se cometan infraccións cualificadas como graves ou moi graves, incluídas nesta ordenanza.

4. A retirada ou anulación da licenza dará lugar á perda do dereito á tenza do animal catalogado como potencialmente perigoso e á obriga do interesado de proceder inmediatamente á súa entrega e depósito no centro de recollida de animais abandonados do concello, dispoñendo este dun prazo de 10 días para a renovación, recuperación ou obtención da licenza correspondente, antes de que o animal adquira a condición de abandonado.

5. O titular do animal incautado deberá proceder a aboar os gastos derivados da custodia e manutención do mesmo antes da súa retirada. Igualmente as autoridades municipais poderán reclamar ditos gastos no caso de que o animal non sexa finalmente retirado.

Artigo 16. Rexistro de animais potencialmente perigosos

1. O propietario ou titular dos animais potencialmente perigosos deberá inscribilos no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, no prazo máximo de quince días dende a obtención da licenza correspondente e da súa inscrición no Rexistro de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos de Galicia.

2. Para a inscrición no rexistro o propietario deberá acreditar a identificación do animal, presentar o documento acreditativo entregado polo veterinario responsable da identificación e comunicar os datos relativos ao nome e apelidos do propietario ou posuidor, domicilio, teléfono e DNI e os datos relativos á especie do animal, raza, sexo, data de nacemento, características morfolóxicas, función/aptitude, código de identificación e domicilio habitual do animal.

3. Será motivo de inscrición no rexistro municipal o traslado temporal ao termo municipal por un período superior a tres meses.

4. O propietario ou titular dos animais potencialmente perigosos disporá dun prazo máximo de 15 días para comunicar: a morte (mediante certificado veterinario), venda, doazón, traslado, roubo (mediante denuncia), perda do animal, castración ou calquera variación nos datos do rexistro.

5. As autoridades municipais poderán practicar a incautación daqueles animais potencialmente perigosos que non reúnan os requisitos establecidos nesta ordenanza, recluíndoos ata que estes se cumpran. O propietario, ou responsable do animal no momento da incautación, deberá sufragar os gastos ocasionados e derivados da retirada e manutención do animal.

Artigo 17. Obrigas dos propietarios e veterinarios de animais potencialmente perigosos

1. As persoas propietarias ou posuidoras de cans potencialmente perigosos teñen que tomar as medidas necesarias para evitar posibles molestias e prexuízos a persoas, animais e bens, e terán que cumprir todos os requirimentos previstos na lexislación vixente de cans potencialmente perigosos.

2. En particular, as condicións de aloxamento deben cumprir os seguintes requisitos:

a) As paredes e os cercados deben ser suficientemente altos e consistentes e deben estar ben fixados para soportar o peso e a presión do animal.

b) As portas das instalacións deben ser resistentes e efectivas como o resto do recinto, e deseñadas para evitar que os animais poidan desaxustar ou abrir eles mesmos os mecanismos de seguridade.

c) O recinto ten que estar convenientemente sinalizado coa advertencia de que hai un animal dese tipo.

3. As persoas propietarias ou posuidoras de animais que causen lesións a persoas ou a outros animais están obrigadas a:

a) Facilitar os datos do animal agresor e os propios á persoa agredida, aos propietarios do animal agredido e aos axentes da autoridade que o soliciten

b) Comunicar a agresión e presentar a documentación sanitaria do animal, nun prazo máximo de 24 horas tras os feitos, ás autoridades municipais, e pórse á súa disposición.

c) Someter ao animal agresor a observación veterinaria e presentar o correspondente certificado veterinario, ás autoridades sanitarias municipais, no prazo de 15 días de terse iniciado a observación veterinaria. Cando as circunstancias o aconsellen e a autoridade municipal o considere necesario, poderase obrigar a recluir ao animal agresor nun centro autorizado, para sometelo a observación veterinaria; e os gastos ocasionados correrán a cargo da persoa propietaria ou posuidora.

d) Tamén os veterinarios clínicos do Concello teñen a obrigación de notificar á Administración municipal os casos atendidos consistentes en lesións producidas por agresións entre cans. Esta obrigación cumprimentarase de acordo co sistema de notificacións establecido pola Administración municipal, e deberá especificar o potencial perigo dos cans, aos efectos da súa consideración como potencialmente perigosos.

CAPITULO V. Das actuacións dos servizos municipais**Artigo 18. Custodia de animais**

1. Cando as circunstancias o aconsellen e a autoridade municipal o considere necesario poderase obrigar a trasladar e recluir nun centro autorizado aos animais:

a) Portadores dalgunha zoonose

b) Causantes de agresión a persoas, animais ou obxectos

c) Con signos de maltrato físico

d) Ós équidos que se atopen en espazos ou predios, de natureza pública ou privada, sen o consentimento do propietario ou titular, ou incumprindo as condicións fixadas na autorización expresa de pastoreo

e) Ós équidos que deambulen ceibes por estradas ou por núcleos de poboación.

A autoridade municipal poderá esixir que os custos derivados corran a cargo da persoa propietaria ou posuidora.

Artigo 19. Desaloxo e retirada

1. Cando en virtude de disposición legal, por motivos sanitarios graves, con fins de protección animal ou por antecedentes de agresividade, ou por estar en situación de provocar un dano efectivo real ou potencial, non deba autorizarse a presenza ou permanencia de animais en determinados lugares, a autoridade municipal, despois de iniciar o correspondente expediente administrativo sancionador, poderá requirir aos propietarios destes animais para que os desaloxen voluntariamente e os entreguen ás autoridades municipais. No seu defecto, acordarse a execución subsidiaria do ordenado, sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais ás que tivera lugar, esixindo ó propietario o importe dos gastos ocasionados.

2. O destino destes animais retirados será decidido pola autoridade municipal que ordenou a súa retirada.

3. A incautación ou retirada non voluntaria de animais poderá ser ditada como medida cautelar, sempre que as condicións que motivan a mesma se consideren urxentes e posteriormente, dentro do prazo previsto no Procedemento Administrativo Común, se inicie o correspondente expediente.

4. Unha vez autorizada a devolución do animal, o titular terá 10 días naturais para a súa recuperación dende a notificación correspondente. Unha vez transcorrido este prazo este quedará a disposición municipal aos efectos da súa entrega en adopción ou cesión.

5. As persoas físicas ou xurídicas que reclamen a entrega dos animais incautados deberán acreditar a súa propiedade perante a autoridade municipal competente, facerse cargo dos gastos ocasionados e identificar os équidos, previamente á súa retirada das dependencias de custodia.

6. Os équidos capturados, non identificados e non reclamados, consideraranse mostrencos para todos os efectos. A autoridade municipal competente poderá decidir, logo de resolución motivada, a venda dos animais en poxa pública, a entrega gratuíta a espazos de acollida con capacidade de recepción, ou o envío a sacrificio en matadoiros autorizados con destino final á destrución deses animais.

TITULO TERCEIRO – INFRACCIÓN E SANCIÓN

CAPITULO I. Das infraccións

Consideraranse infracción administrativa os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas na presente ordenanza.

As infraccións desagréganse como leves, graves e moi graves, de conformidade co establecido nas seguintes disposicións:

Artigo 20. Infraccións

As infraccións e sancións en materia de animais domésticos e salvaxes en catividade e de animais potencialmente perigosos rexeranse polo disposto na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, e na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade,

As infraccións e sancións en materia de animais equinos rexeranse polo disposto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio; na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e na restante normativa que resulte de aplicación.

As infraccións e sancións en materia de ordenación, control de tráfico e usos nas vías urbanas rexeranse polo disposto na Lei 18/1989, de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

De acordo coa presente Ordenanza, as infraccións tipificaranse como segue a continuación:

1. Infraccións leves:

a) A tenza de animais de compañía cando as condicións de aloxamento, o número de animais ou calquera outra circunstancia, implique riscos hixiénico-sanitarias, molestias ás persoas ou supoñan un perigo ou ameaza.

b) A tenza de animais en condicións hixiénico-sanitarias non axeitadas, non proporcionarlles aloxamento axeitado ás súas necesidades ou non facilitarlles alimentación e bebida necesarias para o seu normal desenvolvemento.

- c) O maltrato dos animais que non lles cause dor
- d) A utilización de correas, colares ou dispositivos que lle causen dor aos animais, así coma utilizarlos en traballos que lles causen dor.
- e) A permanenza continuada de animais no interior dun vehículo, garaxes soterrados, patios de luces ou balcóns.
- f) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de catorce anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- g) A venda de animais en xeral, fora dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados para ese fin.
- h) A doazón dun animal de compañía como premio, reclamo publicitario, recompensa ou regalo.
- i) O incumprimento da obriga de censar aos animais, así como non actualizar os datos do rexistro segundo se indica nesta Ordenanza.
- j) A permanencia de animais ceibos en zonas públicas non dedicadas a este fin.
- k) A permanencia ou acceso de animais en lugares non autorizados para a súa presenza.
- l) Manter os animais en terrazas, xardíns ou patios de xeito continuado, sen dispor de aloxamento adecuado e/ou causando molestias evidentes ós veciños.
- m) O incumprimento do límite de animais en pisos, apartamentos e outras vivendas horizontais, establecido pola autoridade municipal.
- n) O baño de animais en fontes públicas, estanques ou similares, así como permitir que estes beban directamente das fontes de consumo público.
- o) Permitir a micción ou defecación de animais domésticos nas fachadas de edificios ou mobiliario urbano, así coma non recoller inmediatamente e de forma hixiénica as defecacións dos mesmos.
- p) Alimentar animais na vía pública e naqueles lugares reservados polo Concello para o gozo dos mesmos.
- q) A limpeza e/ou o lavado de animais domésticos na vía pública
- r) O tránsito de animais de tiro, carga ou sela, cabezas de gando illadas en manda ou en rabaño, en todo o casco urbano, sen autorización expresa.
- s) A circulación de vehículos de tracción animal polas vías urbáns, agás nos casos autorizados previamente polo concello.
- t) O amarre de calquera tipo de animal a farolas, árbores, sinais de tráfico, reixas ou calquera outro elemento fixo ou móbil susceptible de utilización para este uso, debendo permanecer sempre á man dunha persoa competente
- u) Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta Ordenanza e que non este tipificada como infracción grave ou moi grave.

2. Infraccións graves:

- a) O maltrato dos animais que cause dor, danos ou lesións
- b) A mutilación non realizada por prescripción veterinaria e cun motivo xustificado, diferente do estético.
- c) O abandono dun animal
- d) A non identificación dos animais previstos nesta ordenanza e na normativa vixente.
- e) A venda ambulante de animais en xeral, fora dos establecementos feirais e mercados legalmente autorizados para ese fin.
- f) Non someter ós animais domésticos ós tratamentos veterinarios que precise.
- g) Non someter ós animais domésticos ós tratamentos veterinarios preventivos e terapéuticos que precise.
- h) Subministrar, por calquera vía, substancias nocivas que poidan causar dano ou sufrimento innecesarios, excepto por prescripción facultativa.
- i) A venda de animais enfermos, salvo que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo vendedor.
- j) A cría e comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
- k) A negativa a facilitar información, documentación ou prestar colaboración cos servizos municipais, así coma o subministro de información ou documentación falsa.

l) A reincidencia en infracción leve, entendendo que se produce tal reincidencia cando se comete unha infracción leve do mesmo tipo que a que motivou a anterior sanción.

m) A non inclusión dun animal potencialmente perigoso no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

n) Conducir un animal potencialmente perigoso libre ou sen as medidas necesarias para evitar a súa escapada ou extravía

o) O incumprimento de calquera norma sobre a tenza de animais potencialmente perigosos establecidas na presente Ordenanza e non incluída nas infraccións graves ou moi graves.

p) O adestramento de animais na vía pública para actividades de ataque, defensa, garda ou similares.

q) Incitar aos animais a que se ataquen entre eles ou contra persoas ou cousas.

3. Infraccións moi graves:

a) A esterilización ou sacrificio de animais domésticos non prescrita e realizada por un veterinario, mediante un método autorizado.

b) A organización, celebración e participación en pelexas entre animais e outros espectáculos non regulados legalmente e que poidan causar sufrimento.

c) O maltrato de animais que lles cause a morte.

d) O incumprimento da normativa establecida a nivel internacional, nacional ou autonómico respecto o control de zoonoses e epizootias.

e) A venda ou cesión de animais de compañía vivos con fins de experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.

f) A venda de animais con enfermidade infecto contaxiosa coñecida.

g) A reincidencia en infracción grave, entendendo que se produce tal reincidencia cando se comete unha infracción grave do mesmo tipo que a que motivou a anterior sanción.

h) O adestramento dos animais co fin de potenciar a súa agresividade para finalidades prohibidas.

i) Deixar libre ou abandonar un animal potencialmente perigoso, de calquera especie ou raza, aínda que se atope correctamente identificado e rexistrado.

j) Vender ou ceder calquera animal potencialmente perigoso a quen careza de licenza.

k) A organización de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos, ou a participación nos mesmos, destinados a demostrar a agresividade dos animais.

CAPITULO II. Das sancións

Artigo 21. Sancións.

As sancións aplicables por infraccións leves dos preceptos contidos na presente serán sancionadas con multa de 60 a 300 euros.

As sancións aplicables por infraccións graves ou moi graves serán sancionadas pola autoridade competente para a resolución do expediente sancionador correspondente e segundo a norma de rango superior pola que se rexen.

1. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

a) A gravidade da infracción

b) A existencia de intencionalidade

c) A natureza dos prexuízos causados

d) A reincidencia. Entendese que se produce reincidencia cando no prazo dun ano natural se comete máis dunha infracción desta Ordenanza.

e) A reiteración. Entendese que se produce reiteración cando o procedemento sancionador foi incoado por máis dun acto ou omisión tipificados como infraccións nesta Ordenanza.

Artigo 22. Comiso de animais e outras sancións.

As autoridades municipais poderán comisar os animais cando existan indicios racionais de infracción do que se dispón na presente Ordenanza e mentres perduren as circunstancias que o determinaron.

As infraccións tipificadas nos apartados anteriores poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio de animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou indefinida da licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos.

Artigo 23. Responsabilidades

1. Son responsables das sancións tipificadas nesta Ordenanza, todas aquelas persoas que participasen na comisión do feito infractor por calquera título, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas. Excepto nos supostos nos que sexan menores de idade, onde responderán os pais, titores ou aqueles que dispoñan da custodia legal.

2. En ausencia do propietario será responsable subsidiario a persoa que no momento de producirse a acción leva o animal.

3. Son responsables os titulares das licenzas ou autorizacións, cando por motivo do exercicio dun dereito concedido nas mesmas, se realice algunha das infraccións tipificadas na presente Ordenanza.

Artigo 24. Procedemento

1. O procedemento sancionador axustarase ós principios da potestade sancionadora regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Os órganos competentes para instruír os expedientes sancionadores e sancionar serán os establecidos nas respectivas normativas reguladoras, correspondendo ao alcalde do concello a competencia para sancionar as infraccións leves descritas nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

A presente ordenanza deroga expresamente a Ordenanza reguladora para a tenencia, defensa e protección dos animais de compañía publicada no BOP núm.15 do 20/01/2000.

ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza entrará en vigor dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Mugardos, 19 de setembro de 2014

O alcalde

Xosé Fernández Barcia

2014/9987